



Concello de Lugo

ACTA Nº2 DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA ESTRUTURAL CELADOR/A CEIP INCURSA NO SUPOSTO DA DISPOSICIÓN ADICIONAL SEXTA E OITAVA DA LEI 20/2021 (ESTABILIZACIÓN) POLO SISTEMA DE CONCURSO RESERVADA A DISCAPACIDADE.

Sendo as 13:30 horas do día 20 de xaneiro de 2025, reúnen os funcionarios e funcionarias designados por acordo 10/463 de modificación do acordo 2/438 de designación dos membros do tribunal cualificador do proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha praza de CELADOR/A CEIP incurso no suposto da disposición adicional sexta e oitava da lei 20/2021 polo sistema de concurso, reservada a discapacidade, adoptado pola Xunta de Goberno local o 23 de outubro de 2024 (acordo modificado do 9 de outubro de 2024).

O obxecto desta sesión é o da constitución do tribunal e a valoración provisional dos méritos das persoas concursantes.

I. CONSTITUCION DO TRIBUNAL

Preside o acto o presidente titular don Luis Ramón Vázquez Parga, interventor xeral do Concello de Lugo.

Actúan como vogais don Severiano Daniel Vázquez Prado, Técnico de Administración Xeral do Concello de Becerreá, dona María Isabel Villamor Cabado, xefa do servizo de Desenvolvemento Local do Concello de Lugo. Dona María del Carmen Flores Pardo, letrada municipal do Concello de Lugo excusa a súa asistencia.

Actúa como secretaria dona Ana María Rivas García, secretaria xeral do Pleno do Concello de Lugo.

O presidente do Tribunal procede a comprobar o quorum de asistencia e pregunta se recibiron a documentación enviada servizo de persoal do Concello de Lugo:

A secretaria do tribunal cualificador indica que se remitiu por correo electrónico aos membros do Tribunal polo servizo de persoal, a seguinte documentación de acordo co establecido nas instrucións dos órganos de selección do Concello de Lugo:

- Acordo 10/641 aprobación das bases específicas do proceso selectivo para a execución da oferta de emprego público de 2022 do Concello de Lugo correspondente a unha praza estrutural CELADOR CEIP incurso no suposto da disposición adicional sexta e oitava da lei 20/2021 polo sistema de concurso reservada a discapacidade intelectual, adoptado pola Xunta de Goberno Local o 2 de novembro de 2022.

- Decreto nº 10707/2022 do 08/11/2022 polo que se resolveu convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha praza de celador CEIP incurso no suposto da disposición adicional sexta e oitava da lei 20/2021 polo sistema de concurso reservada a discapacidade.

- Acordo 3/86 modificación das bases específicas para o acceso en propiedade á praza de celador CEIP pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda de concurso/libre reservada a discapacidade (artigo 2.1 lei 20/2021 de estabilización de emprego temporal OEP 2022), aprobadas por acordo 10/641 adoptado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo o 2 de novembro de 2022 , adoptado pola Xunta de Goberno Local o 6 de marzo de 2024.

- Acordo 2/438 designación dos membros do tribunal cualificador do proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha praza de celador CEIP incurso no suposto da disposición adicional sexta e oitava da lei 20/2021 polo sistema de concurso reservada a discapacidade, adoptado pola Xunta de Goberno Local o 9 de outubro de 2024.

- Acordo 10/463 modificación do acordo 2/438 adoptado pola Xunta de Goberno Local o 9 de outubro de 2024, de designación dos membros do tribunal cualificador do proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha praza de celador CEIP incurso no suposto da disposición adicional sexta e oitava da lei 20/2021 polo sistema de concurso reservada a discapacidade, adoptado pola Xunta de Goberno Local o 23 de outubro de 2024.

- decreto 10449/2024 do 07/11/2024 polo que se resolveu aprobar a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as (con indicación do motivo de exclusión) no proceso selectivo convocado polo decreto nº 10707/2022 do 08/11/2022 para o acceso en propiedade a unha praza celador CEIP incurso no suposto da disposición adicional sexta e oitava da lei 20/2021 polo sistema de concurso reservada a discapacidade, pendente de publicación no bop de Lugo.

- acordo 10/628 aprobación de instrución para o funcionamento e actuación dos órganos de selección do Excmo. Concello de Lugo, adoptado pola Xunta de Goberno Local o 9 de outubro de 2019.

O presidente recorda aos membros do Tribunal que están suxeitos ao deber de sixelo e pregunta se algún membro da Comisión incorre en causa de abstención que lle impida formar parte da mesma. Os distintos membros da Comisión manifestan que non incorren en causa de abstención.

O presidente declara constituído o Tribunal por estar presente presidente e secretario e cumprir o quorum de constitución, cumpríndose tamén as demais formalidades recollidas nos artigos 19 a 22 das Instrucións dos órganos de selección do Concello de Lugo.

II. BAREMACION PROVISIONAL DE MERITOS

Unha vez constituído o Tribunal procédese á baremación provisional dos méritos presentados polas persoas participantes e que son os remitidos polo Servizo de Persoal.

A PRAZA convocada é a seguinte:

Nº	Denominación	Grupo	Escala	Subescala	Proceso selectivo/Quenda
1	CELADOR/A CEIP	AP	A.E.	SERVIZOS ESPECIAIS	Concurso/Libre reservada a discapacidade

OS ASPIRANTES definitivamente admitidos e excluídos foron os seguintes, segundo Decreto da Excm. Sra. Alcaldesa do Concello de Lugo publicado no BOP de Lugo nº. 281 de data 5 de decembro de 2024:

Admitidos/as:

GONZALEZ BLANCO, MARCOS	***4862**
SEIJAS CARREIRA, MARIA PURIFICACIÓN	***6194**

Excluídos/as:

Ningún.

A DOCUMENTACION a valorar polo tribunal é a que pon á disposición deste o servizo de persoal do Concello de Lugo para proceder á baremación dos méritos dos candidato/as participantes no concurso.

O BAREMO de méritos do concurso é o seguinte recollido no apartado oitavo das bases aprobadas:

"(...) 8.- Sistema de selección. Valoración.
(...)a)Experiencia profesional.

Máximo 48,00. Puntos. Valoraranse os servizos efectivos prestados ata a data de publicación no BOE desta convocatoria conforme á seguinte puntuación:

- Por cada mes completo de servizos prestados como persoal funcionario interino na praza ou como persoal laboral temporal na categoría profesional ao que aspira en calquera Administración pública: 0,35 puntos, máximo 48 puntos.

Os meses consideraranse de 30 días.

Non se computará como experiencia no ámbito das administración públicas a experiencia adquirida ao servizo de empresas que presten servizos externalizados polas devanditas administracións. Os servizos prestados a tempo parcial reduciranse proporcionalmente.

Para acreditar a experiencia laboral, será necesario presentar informe da vida laboral e certificado da Administración Pública correspondente, que deberá de ser expedida de conformidade co modelo e requisitos mínimos do anexo I- Lei 70/1978, do 26 de decembro, onde queden acreditados de maneira irrefutable os servzvos prestados, no que deberá constar a especialidade e categoría profesional, e data de inicio e finalización do contrato en cuestión.

En caso de contratos coa Administración efectuados no réxime estipulado no Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, será necesario presentar unha copia autenticada do referido contrato de traballo.

Os méritos segundo a experiencia alcanzada no Concello convocante serán certificados de oficio pola propia Administración, non sendo precisa a súa acreditación por parte dos solicitantes. Todo iso con base no disposto no artigo 28.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas."

b) Méritos académicos. Máximo 12,00 puntos

1. Cursos de formación: Máximo 8,00 puntos

Valoraranse os cursos recibidos ou impartidos nos quince anos anteriores á data de publicación desta convocatoria no BOE cuxo contido estea directamente relacionado coas funcións propias da praza convocados, impartidos ou homologados pola Escola Galega de Administración Pública; polo Instituto Nacional de Administración Pública, por outros institutos das Administracións Públicas ou por organizacións sindicais ou outros axentes promotores dentro do marco do acordo para a formación para o emprego das administracións públicas de 9 de marzo de 2018 ou dos Plans de Formación Continua do persoal das Administracións públicas. Valoraranse os cursos que versen sobre materias de carácter transversal (igualdade de xénero, transparencia, prevención de riscos laborais, procedemento administrativo común, informática).

Non se valorarán os cursos nos que no xustificante da súa acreditación (título, diploma ou similar) non conste as datas de realización nin as horas de duración. Non valoraranse os cursos inferiores a 10 horas lectivas, os pertencentes a unha carreira universitaria, os de doutorado e os derivados de procesos selectivos.

A valoración dos cursos se realizará conforme á seguinte escala:

Máis de 100 horas.....	0,50 puntos
De 60 a 100 horas.....	0,40 puntos.
De 41 a 60 horas.....	0,35 puntos.
De 25 a 40 horas.....	0,30 puntos.
De 10 a 24 horas.....	0,25 puntos.

Acreditación de méritos de Formación:

Mediante copia simple dos títulos, diplomas ou certificación de superación dos cursos.

2.Outros méritos: Máximo 4,00 puntos.

Valorarase ter superado algún dos exercicios exisidos para o acceso a praza de mesmo subgrupo e escala á praza obxecto de convocatoria no Concello de Lugo, quenda libre, nas tres últimas convocatorias, ou estar en posesión dalgunha titulación académica superior á esixida na Base 2 a) destas Bases sempre e cando a mesma teña relación directa e inmediata coa praza que se solicita o día de publicación da presente convocatoria no BOE. Esta valoración realizaráse conforme



Concello de Lugo

a seguinte puntuación:

a) Valorarase con 1,00 punto ter superado algún dos exercicios esixidos para o acceso a praza do mesmo grupo e escala que a praza obxecto de convocatoria do Concello de Lugo, quenda libre, oposición, nas tres últimas convocatorias. Máximo 3 puntos

Acreditación. A superación dos exercicios acreditarase mediante Informe da persoa responsable do Servizo de Persoal do Concello de Lugo emitido a solicitude do aspirante.

b) Valorarase con 1,00 puntos a posesión de título académico oficial superior o esixido para o acceso á praza convocada sempre e cando o mesmo teña relación directa e inmediata coa praza que se solicita de acordo con o seguinte baremo:

Título de Graduado Escolar, ESO u outra titulación equivalente: 0,6 puntos.

Título de Bachiller, Técnico Medio o equivalente: 0,7 puntos.

Título de Técnico Superior, o equivalente: 0,8 puntos.

Título de Grado universitario o sus equivalentes (Diplomaturas, Ingenierías Técnicas y Arquitectura técnica): 0,9 puntos.

Título de Doutor, Máster universitario, Licenciaturas, Ingenierías Superiores y Arquitectura superior: 1 punto.

Valorarase unicamente unha titulación.

Acreditación. Mediante aportación do título, diploma ou resgardo de ter satisfeito os dereitos para a súa expedición, ou mediante certificación expedida pola Secretaría da Universidade ou Administración Pública correspondente.

Para a superación a fase de concurso esíxese obter un puntuación mínima de 15 puntos."

III. ACORDOS

Acto seguido procédese á valoración dos aspirantes admitidos comprobando os méritos aportados, incluído o referido no apartado a) 2. Outros méritos, despois de recibir do servizo de persoal do Concello de Lugo informe requerido por este tribunal na sesión anterior celebrada o 13 de decembro de 2024.

En relación á puntuación relativa a este apartado, enténdese que as indicacións das convocatorias dos distintos procesos ás que alude o informe da xefa de sección do servizo de persoal corresponden ás tres últimas convocatorias resultando que ambos aspirantes superaron os exercicios nas corespondentes ao terceiro parágrafo do apartado terceiro de dito informe do seguinte teor: "Polo Decreto 12006224, de data do 20 de xullo de 2012 resolvéuse convocar o proceso selectivo mediante o sistema de oposición, para o acceso en propiedade a unha praza de

Celador/a Colexio Público, pertencente ó cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo.

O dito Decreto foi publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 177, do 2 de agosto de 2021 (e rectificado polo Decreto 12006961, de data 22 de agosto de 2012 publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 196, de 25 de agosto de 2012)".

O resultado da baremación de méritos foi a seguinte adoptada por unanimidade de membros presentes:

Apelidos e nome	a) Experiencia profesional máximo 48 puntos	b) Méritos académicos máximo 12 puntos										
	Servizos prestados ata 28/12/2022 mema categoria profesional 0,35 mes completo (30 días)	1 cursos de formación máximo 8, *15 anos anteriores a 28/12/2022* (Decembro do 2007 ata 2022)						2 Outros méritos máximo 4				
		10-24 horas	25-40 horas	41-60 horas	60-100 horas	máis de 100	Total cursos	Superación exercicios máximo 3	Título académico sup,	Total outros meritos	Total Xeral	
			0,25	0,3	0,35	0,4	0,5		1	1		
GONZALEZ BLANCO, MARCOS	17,85						0	2	0,7	2,7	20,55	
SEIJAS CARREIRA, MARIA PURIFICACIÓN	11,9	1,25	1,2	0,35			2,8	2	0,9	2,9	17,6	

III. ACORDOS

Á vista do anterior o Tribunal acorda:

PRIMEIRO.- Publicar as seguintes cualificacións finais do proceso selectivo:

NOME E APELIDOS	DNI	PUNTUACIÓN TOTAL
GONZALEZ BLANCO, MARCOS	***4862**	20,55
SEIJAS CARREIRA, MARIA PURIFICACIÓN	***6194**	17,6



Concello de Lugo

SEGUNDO.- Publicar a seguinte relación de aprobados no proceso selectivo que quedan elevadas ao órgano competente aos efectos oportunos e de publicación no BOP de Lugo resultando ser a seguinte:

NOME E APELIDOS	DNI	PUNTUACIÓN TOTAL
GONZALEZ BLANCO, MARCOS	***4862**	20,55

As persoas aspirantes disporán dun prazo de 5 días hábiles para presentar alegacións contra as cualificacións finais do proceso selectivo e relación de aprobados, que serán resoltas polo Tribunal. De non presentarse tales alegacións esta proposta será considerada co carácter de definitiva.

Contra as resolucións e actos de trámite do tribunal, se estes últimos deciden directa ou indirectamente o fondo do asunto, determinan a imposibilidade de continuar o procedemento, producen indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos e intereses, poderá interpoñerse recurso de alzada ante a Xunta de Goberno Local. O prazo de interposición será dun mes.

E para que conste asinan a presente os membros do Tribunal enriba citados, dando por finalizado o acto ás 14:10 horas de todo o que como secretaria do Tribunal, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE